



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 26 DE XULLO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 28/06/2018 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 16 DE ABRIL DE 2018.

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución recibida a través de notifica da Xunta de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1656 en data 05/07/2018, ditada pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado de data 05/07/2018, en relación á solicitude presentada por esta entidade ao abeiro da Orde do 16 de abril de 2018, na que se concede unha subvención de 4.800,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL RELATIVO Á XUISTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido a través do Sistema de Notificacións de Galicia, rexistro de entrada no concello co número 1686 en data 09/07/2018, no que comunica que o prazo final para a xustificación da totalidade do investimento "Mellora e mantemento de camiños en



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Boimorto: Capela de San Brais e Abaiuca" subvencionado ao abeiro do Plan Marco de Mellora de camiños municipais 2017-2018 remata o vindeiro **1 de setembro de 2018**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- DACIÓN PUBLICACIÓN NO DOG Nº 134 DE DATA 13/07/2018 RESOLUCIÓN DO 5 DE XULLO DE 2018, DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE

Pola secretaria dasé conta da Resolución do 5 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral de Igualdade, publicada no DOG nº 134 de data 13/07/2018, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, concedéndose unha subvención a este Concello para a seguinte actuación:

Expediente	Actuación	Gasto elixible	Puntuación	Concesión
SI435B	Actividades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral durante o período vacacional de verán e no nadal	11.475,35	40,50	10.327,82

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- DACIÓN TRAMITACIÓN CAMBIO DE TITULARIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DA TELLEIRA DE BAIUCA

Pola secretaria dáse conta que se están realizando os trámites para o cambio de titularidade da subministración de enerxía eléctrica do albergue de peregrinos da telleria de Baiuca a nome da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, solicitando deste concello que se asine e sele o documento de autorización que se achega xunto co oficio que tivo entrada no concello co número 1749 en data 18/07/2018.

Informa a alcaldía que a autorización xa foi asinada e remitida a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo o día 19/07/2018 con rexistro de saída número 1062.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- CERTIFICADO ACORDO SESIÓN PLENARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTA CONDICIÓN E SE APROBA DEFINITIVAMENTE O MODIFICADO DO INVESTIMENTO DO CONCELLLO DE BOIMORTO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017

Pola secretaria dáse conta da certificación telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, rexistro de entrada no concello co número 1679 en data 09/07/2018, do acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial no que se acorda aprobar o proxecto modificado da obra denominada "Mellora de camiños nas parroquias de Dorneá, Boimorto, Corneda, Rodieiros e Andabao" incluído no POS+ 2017, de forma condicionada á obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:

Concello	Denominación investimento	Deputación	Total	Condición cumprida
----------	---------------------------	------------	-------	--------------------



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BOIMORTO	Mellora camiños nas parroquias de Dormeá, Boimorto, Corneda, Rodieiros e Andabao	58.633,27	58.633,27	Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
----------	--	-----------	-----------	--

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 03/07/2018 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 02/07/2018 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DA CORUÑA NO RECURSO 1044/2017 DEMANDANTE CRISTINA MARTÍNEZ ESTEVEZ

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do letrado da Deputación Provincial, así como a sentenza de data 02/07/2018 recaída no procedemento despido 1044/2017, ditada polo Xulgado do social número 5 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 20189000000251 en data 10/07/2018, no que se acorda "...Desestimo la demanda sobre DESPIDO formulada por Dña. Cristina Martínez Esteves frente al Concello de Boimorto y, en consecuencia, absuelvo a éste de todo pedimento dirigido frente a él ..."

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 03/07/2018 FOILLE NOTIFICADO O AUTO DE 23/06/2018 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DA CORUÑA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 397/2015. DEMANDANTE ANA MARÍA BREA IGLESIAS.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do letrado da Deputación Provincial, así como o auto de data 28/06/2018 do procedemento ordinario 397/2015, ditado polo Xulgado do social número 3 da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 20189000000250 en data 10/07/2018, no que se acorda "...Estimo en parte la oposición a la ejecución promovida por el Concello de Boimorto al considerar acreditado que se ha abonado al ejecutante el principal contenido en la sentencia que se ejecuta en la suma de 559,67 euros, debiendo de continuar la ejecución por la suma de 91,85 euros en concepto de intereses de motra no abonados así como para el abono de los intereses y las costas que se pudieran haber producido en el procedimiento de ejecución..."

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ASUNTOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE DNA. RAQUEL VAL VÁZQUEZ, INTEGRANTE DA COMISIÓN DE FESTAS DE SANTA MARÍA DOS ÁNxeLES

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por Dna. Raquel Val Vázquez, con rexistro de entrada neste concello co nº 1725 en data 13/07/2018 no que expón a dificultade económica para a celebración das festas patronais da parroquia de Santa María dos Ánxeles, SOLICITA:

<<Que por parte do Concello de Boimorto e ante as dificultades económicas que supón a celebración das festas patronais de Santa María dos Ánxeles, que se celebrarán os vindeiros 11, 12 e 15 de agosto, xa que as mesmas se celebran nun dos días do ano no que máis caras son as orquestras, se nos axude con algúns medios como pode ser a colocación de cinco arcos de luz para anunciar as festas colocados na parroquia ó longo da estrada AC-840>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Informar á concelleira que as subvencións nominativas teñen que estar previstas no orzamento, xustificándose excepcións legais á concorrencia en materia de subvencións, se ben se



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

terá en conta para próximas anualidades.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á interesada.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES SUBSTITUCIÓN DO CUARTO DE BAÑO DA VIVENDA SITA NA PRAZA DA GÁNDARA Nº 10 2º ESQUERDA DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 28 de xuño de 2018 (RE núm. 1597) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Ana María Verea Vázquez
DNI:	33269770V
Domicilio:	Praza Gándara nº 10 2º Esquerda - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Substitución de dúas bañeras por dous pratos de ducha
Situación:	Praza Gándara nº 10 2º Esquerda - Boimorto
Referencia catastral:	0412408NH7601S0006GZ
Orzamento de execución:	1.200,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional
Autorización sectoriais:	Non é necesario
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 3 de xullo de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.200,00 €uros

Liquidación 2%: 24,00 €uros.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Ana María Verea Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CERRE DUNHA PARCELA EN NOGAREDO (BRATES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 28 de xuño de 2018 (RE núm. 201899900000020) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	D. Alberto Veiras Mejuto, en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade
DNI:	53162721S
Domicilio:	San Marcos 8, Baixo – 15318 Abegondo (A Coruña)

Datos de obra:

Obxecto:	Cerramento do fronte da finca, cunha lonxitude de 19,56 m de lonxitude, a base de cerramento opaco de 1,0 m de altura a base de bloque de formigón rústico completándose ata unha altura de 2,0 m con postes metálicos e malla de simple torsión plastificada de cor verde.
Situación	Lg. Nogaredo - Brates
Referencia catastral:	15010A502301440000JD
Orzamento de execución:	787,41 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo
Autorizacións sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 11 de xullo de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 1.281,38 €uros



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Liquidación 2%: 25,63 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Alberto Veiras Mejuto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN NOGAREDO (BRATES)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 26 de xuño de 2018 (RE 1527) coas seguintes características:

Solicitante:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – A Coruña
Actuación solicitada:	Subministro de enerxía de 5,75 kW monofásico para uso terciario á parcela con referencia catastral 15010A502301440000JD. Esta sociedade proxectou pasar apoio de formigón de suspensión a marre e unha rede de baixa tensión subterránea de 71 metros de canalización
Nome do técnico redactor da memoria:	D. Pablo López Alonso, enxeñeiro técnico industrial, colexiado COETICOR nº 3802
Ubicación da obra:	Lg. Nogaredo - Brates
Referencia catastral:	15010A502301440000JD
Orzamento de execución:	6.068,89 €uros.

Visto o informe do arquitecto municipal, de data 10/07/2018, no que informa que con data 27 de xuño de 2018 os servizos técnicos municipais emitiron informe en relación cun proxecto de construción dun galpón, a solicitude de Dna. María Isabel Aguión Andrade na parcela con referencia catastral 15010A502301440000JD. Segundo se recollía no proxecto o uso ao que se ía a destinar era o de galpón e non precisaba de instalación eléctrica.

Sendo desfavorable o informe do técnico municipal ao proxecto de referencia debido a que as obras para as que se solicitaron licenza non precisaban deste servizo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Comunicar, tanto á empresa subministradora como á propietaria da parcela 15010A502301440000JD, que con anterioridade á tramitación do proxecto de subministro de enerxía eléctrica, a promotora do galpón deberá presentar un modificado do proxecto do galpón indicando á necesidade deste servizo, en cuxo caso e segundo as xustificacións expostas valorarase a posibilidade da súa autorización.

6.- LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA CONSTRUCCIÓN DUN GALPÓN NO NÚCLEO RURAL DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES

Visto o expediente de solicitude urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Alberto



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Veiras Mejuto con DNI 53162721S, con domicilio a efectos de notificacións en Rúa San Marcos 8, Baixo A, 15318 Abegondo (A Coruña) actuando en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade, en virtude da instancia con rexistro de entrada no concello na oficina telemática co número 201899900000016 en data 01/06/2018 para realizar as obras de construción dun galpón no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates (Referencia catastral: 15010A502301440000JD) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro agrónomo D. Alberto Veiras Mejuto, colexiado G7541. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo. Dita parcela é resultado dunha segregación que conta con licenza (LO23/2013) concedida pola Xunta de Goberno Local en data 27/06/2013, e presenta unha superficie neta de 1.033 m², descontada a cesión para regularización do viario (40 m²), que se realizou no mesmo expediente.

Con data 11/06/2018, os servizos técnicos municipais emitiron informe sinalando unha serie de observacións.

Con data 21/06/2018, número de rexistro de entrada 201899900000018 D. Alberto Veiras Mejuto en representación de Dna. María Isabel Aguión Andrade, presenta documentación complementaria, en contestación ao informe dos servizos técnicos municipais.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 29 de xuño de 2018.

Visto que non consta o informe xurídico e a necesidade de aclarar de se o fin é un galpón ou outro tipo de edificación (ver punto 5 desta acta. Comunicación previa subministro de enerxía eléctrica en Nogaredo (Brates), os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN**:

ÚNICO.- Deixar o asunto sobre a mesa.

7.- LICENZA DE EDIFICACIÓN NAVE PARA AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN DE POLOS NO LUGAR DE CABRITA (MERCURÍN)

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra tramitado a instancia de Dna. Tamara López García con DNI nº 53397430D e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Aquelavila n.º 19, Buazo, 15818 Boimorto, en representación de LP Aves, S.C., CIF: J70279328, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1.203 en data 06/06/2018, para realizar as obras de construción de nave para ampliación de explotación de polos no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín, nunha parcela, resultante da agrupación de dúas fincas, con dúas referencias catastrais 15010A502001900000JE e 15010A502001910000JS consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado por D. Eladio López Montes, colexiado nº 395, do colexio de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo, visado co número 395; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas, xa que a parcela linda coa estrada provincial CP-0603, si ben, as obras se localizan fora da súa zona de afección.

Visto que con data 10/05/2018 con rexistro de entrada número 963 tivo entrada a notificación e remisión de copia compulsada da resolución pola que se formula a declaración de impacto ambiental e se outorga a autorización ambiental integrada do proxecto referido (nº de rexistro AAI 2015-IPPPC-I-72-313), sendo informado o expediente por consulta polo Concello, a Consellería de Medio Rural, o servizo de Administración Industrial de A Coruña da Consellería de Economía así como Augas de Galicia, Instituto de Estudos do Territorio e Dirección Xeral de Patrimonio



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Cultural, recollendo dita declaración condicionantes que afectan á obra e á actividade.

Visto que no expediente consta autorización da xefatura territorial da Consellería de Medio Rural – Servizo de Montes – que tivo entrada o día 4/07/2018 con rexistro de entrada 201890000000242 e outro como modificado con rexistro de entrada 201890000000243, con condicións.

Con data 23/07/2018, rexistro de entrada número 1.794, presentouse no concello “Anexo ao proxecto” redactado polo mesmo técnico e que se atopa sen visar.

Consta no expediente o documento de nomeamento de Dirección de Obra de data 13 de xuño de 2018.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 24 de xullo de 2018.

Lido e polo tanto visto o informe de secretaría de data 26/07/2018 e as advertencias nel contidas, ante as dúbidas manifestadas sobre o cumprimento das distancias de ampliación proxectada artigo 39.g) da Lei do solo de Galicia, infórmase por secretaría que consultados os servizos técnicos municipais, telefonicamente manifestan que si cumpriría distancias e que rectificarán o informe aclarando este aspecto inda que inicialmente consideraron que dito requisito non era aplicable pola redacción da Disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención do concelleiro D. Luís Rico Vereas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a Dña. Tamara López García, en representación de LP Aves S.C., para executar as obras de construción de nave para ampliación de explotación de polos no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín (solo rústico de protección forestal), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director da obra D. Eladio López Montes.

SEGUNDO.- Someter a licenza de edificación ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Con anterioridade ao inicio das obras deberá presentar o “Anexo ao proxecto” achegado o 23/07/2018 con rexistro de entrada número 1.794, visado polo colexio profesional correspondente.
- .- Antes da posta en funcionamento da actividade deberá tramitar a licenza para xeneradores de aire quente alimentados con gas propano, que deberá contar coa preceptiva autorización da Consellería de Economía e Industria.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes sinalados na declaración de impacto ambiental e na autorización ambiental integrada de data 23/04/2018 (Expediente: 2015-IPPC-I-72).
- .- Darase cumprimento ao esixido no informe sectorial (art. 36.2 da Lei de Solo) emitido polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial de A Coruña, mediante as accións que sexan necesarias (adquisición, acordos cos propietarios de fincas lindeiras ...), para que se realicen as talas que sexan necesarias para asegurar o cumprimento das distancias e faixa perimetral de protección, establecidas na Lei de Montes de Galicia e na Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, respectivamente.
- .- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

acordo.

.- As obras a realizar consistirán na construción de:

- .- Adaptación de antiga edificación sen rematar de 76.5 m² (9,50 x 8,0 m) para uso de galpón.
- .- Esterqueira de 144 m² (12,0 x 12,0 m), cuberta cunha lona, cunha capacidade de 400 m³.
- .- Contedor de cadáveres, prefabricado de plástico.
- .- 2 silos de penso de 6,29 m de altura e 2,31 m de diámetro.
- .- Fosa séptica estanca para recollida das augas da limpeza da nave.

.- A explotación avícola adicarase a cria intensiva de polos cunha capacidade total incluídas as naves existentes a proxectada de 110.961 polos.

.- Deberá constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

.- A distancia que debe cumprir a liña de edificación será o regulado no artigo 92 da Lei do solo e 43.3 do PXOM.

.- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

.- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Debido á existencia dun cerramento construído sen licenza ao borde da estrada CP 0603, poñer en coñecemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística estes feitos e da interesada, que terá que ser legalizado antes do inicio da actividade.

CUARTO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001. Ademais presentárase o informe a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben, xustificárase o establecido no punto 3 do



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

mesmo artigo.

Ademais, xunto coa comunicación previa presentárase o informe a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben, xustificárase o establecido no punto 3 do mesmo artigo.

QUINTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 453.879,00 €uros.

Liquidación: 9.077,58 €uros.

SEXTO.- Notificar este acordo a Dña. Tamara López García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- SOLICITUDE SERVIZO DE FISIOTERAPIA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto

INFORME EMITIDO POR: María Teresa Gómez Cea

DATA DO INFORME: 24 de xullo de 2018

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiaria do servizo de fisioterapia a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARÍA DOLORES VÁZQUEZ BARREIRO (R.E. 1808 data 24/07/2018) - **FISIOTERAPIA - VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia.
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a María Dolores Vázquez Barreiro.

SEGUNDO.- Notificar á beneficiaria deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro de 2018. Sen a presentación de dito ticket acreditativo de pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

9.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA APOIO Á NATALIDADE PRESENTADA POR MUSTAPHA BATAHA

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio á natalidade 2018, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 123 de data 29/06/2018, iniciado por:

- D. Mustapha Bataha (con rexistro de entrada 1774 en data 19/07/2018) debido ao nacemento en data 13/01/2018 da súa filla Salwa Bataha

Visto o informe da Técnica en intervención familiar-psicóloga de 20/07/2018

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2018 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 400 €uros con cargo á partida 231.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2018 a Mustapha Bataha.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión de recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

10.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA APOIO Á NATALIDADE PRESENTADA POR HASSAN FAHMI

Visto o expediente de solicitude de axuda municipal para apoio á natalidade 2018, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 123 de data 29/06/2018, iniciado por:

- D. Hassan Fahmi (con rexistro de entrada 1773 en data 19/07/2018) debido ao nacemento en data 30/11/2017 da súa filla Nesrin Fahmi

Visto o informe da Técnica en intervención familiar-psicóloga de 20/07/2018

En aplicación da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de subvencións municipais a axudas para apoio á natalidade na anualidade 2018 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda por apoio á natalidade de 400 €uros con cargo á partida 231.48000 do orzamento municipal para a anualidade 2018 a Hassan Fahmi.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión de recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

11.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN PARA TRANSPORTE ESCOLAR ANUALIDADE 2018

Visto o expediente tramitado para o outorgamento de subvencións destinadas a familias para facer fronte aos gastos de transporte escolar para o curso académico 2017-2018 ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 123 de data 29/06/2018, e visto o informe da técnica en intervención familiar-psicóloga, en bases das solicitudes presentadas polo pai, nai ou tutor dos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

alumnos/as ou os mesmos alumnos, que se transcribe literalmente:

<<María Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar-psicóloga do Concello de Boimorto (A Coruña) en relación coa convocatoria de subvencións ás familias para o transporte escolar curso académico 2017-2018, publicada no BOP núm. 123 de data 29/06/2018, e de acordo coa base 8 da ordenanza específica reguladora das bases emito o seguinte

INFORME

- 1º) Que o número de solicitudes presentadas é de 7.
- 2º) Que o crédito dispoñible é de 3.500 €uros e o importe da subvención segundo as bases é de 250 €uros por alumno/a máximo.
- 3º) Que revisadas as solicitudes e documentación xustificativa que achegan co número de rexistro de entrada seguinte:

Alumno/a	Rexistro de entrada solicitude/data
Ariana Sánchez Rey	1748 – 17/07/2018
Vanesa González García	1755 – 18/07/2018
María del Carmen García Rey	1756 – 18/07/2018
Cristina Ares Couceiro	1757 – 18/07/2018
Lizbeth Karen Tovar Mendoza	1772 – 19/07/2018
María Sandá Rioboo	1773 – 19/07/2018
Iria Mato García	1775 – 19/07/2018

Constátase que todas as solicitudes foron presentadas no prazo regulamentario de 2 de xullo ao 20 de xullo de 2018 (ámbolos dous incluídos)

4º) Que tódalas solicitudes presentadas cumpren os requisitos estipulados no artigo "Obrigas dos beneficiarios" da Ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais para transporte escolar do Concello de Boimorto.

5º) Que tendo en conta todo o exposto, as bases que o regulan, a miña proposta de subvención ás familias para o transporte escolar curso 2017-2018 é o seguinte:

Alumno/a	Importe subvención
Ariana Sánchez Rey	250,00 €
Vanesa González García	250,00 €
María del Carmen García Rey	250,00 €
Cristina Ares Couceiro	250,00 €
Lizbeth Karen Tovar Mendoza	250,00 €
María Sandá Rioboo	250,00 €
Iria Mato García	250,00 €

Boimorto, 23 de xullo de 2018



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Asdo.: María Teresa Gómez Cea
Técnica en intervención familiar-psicóloga (G-2294)>>

Visto o informe da técnica en intervención familiar-psicóloga, a Xunta de Goberno Local, en aplicación do artigo 8 da Ordenanza específica reguladora destas subvencións **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Admitir as 7 solicitudes presentadas por cumprir os requisitos e contar coa documentación pertinente, concedéndolle unha subvención para facer fronte aos gastos de transporte escolar para o curso 2017-2018 por importe de 250,00 €uros a cada unha das familias dos escolares: Ariana Sánchez Rey, Vanesa González García, María del Carmen García Rey, Cristina Ares Couceiro, Lizbeth Karen Tovar Mendoza, María Sandá Rioboo e Iria Mato García, que supón un custo total de 1.750,00 €uros a imputar á partida presupostaria 326.48900.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

12.- APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA MELLORA NO SISTEMA DE ABASTECIMENTO PÚBLICO NOS LUGARES DE GANDARÓN E DE NOGAREDO.

Pola secretaria dáse conta que por Decreto 241/2018 de data 08/06/2018 acordouse contratar como menor á empresa Construcciones González y González, S.L. CIF B15165004 as obras de Mellora no sistema de abastecemento público nos lugares de Gandarón e de Nogaredo, investimento subvencionado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental (DOG núm. 9, do 12 de xaneiro).

Vista a factura presentada pola empresa adxudicataria das obras.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención mediante a realización da obra.

SEGUNDO.- Que o gasto total soportado por esta entidade imputable á actuación subvencionada é o que se relaciona a continuación:

Acreedor	Concepto	Nº Factura	Importe	Data de emisión
Construcciones González y González, S.L.	Melloras no sistema público de abastecemento nos lugares de Gandarón e de Nogaredo	FE18 42	6.828,53 €	11/07/2018

TERCEIRO.- Que a contratación das obras realizouse consonte á normativa de contratación do sector público.

CUARTO.- Que se solicitaron as seguintes ofertas de diferentes provedores:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Provedor	NIF	Importe oferta sen IVE	IVE (21%)	Importe total da oferta
Construcciones Concifa, S.L.	B15317373	5.957,32	1.251,04	7.208,36
